



RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DOS PREMIOS DE CURTAS DE ANIMACIÓN EN GALEGO ELABORADAS NO MARCO DO PROGRAMA NÓS TAMÉN CREAMOS!

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, mediante unha disposición conxunta do 7 de novembro de 2023, aprobaron as bases e convocaron os premios a curtas de animación en galego elaboradas no marco do programa Nós tamén creamos!, en centros de educación infantil e primaria de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para o curso académico 2023/2024.

De acordo co establecido no artigo 11 da convocatoria e tendo en conta a proposta de resolución realizada pola Comisión de Selección,

RESOLVEMOS:

Declarar gañadoras as seguintes curtametraxes, correspondentes aos premios convocados:

Categoría 1: 2º ciclo de educación infantil	1º Premio	<i>Caracola</i> , do EEI do Vao (Pontevedra)
	Accésit	<i>Quen levou o pemento de Padrón</i> , dos EEI da Escravitude, de Pontecesures, de Arretén e de Extramundi de Arriba, de Padrón (Pontevedra)
Categoría 2: 1º e 2º de educación primaria	1º Premio	<i>Quen levou a Lúa?</i> , do CEIP Carlos Casares, de Nigrán (Pontevedra)
Categoría 3: 3º e 4º de educación primaria	1º Premio	<i>Quen levou a Lúa?</i> , do CEIP A Igrexa-Calo, de Teo (A Coruña)
	Accésit	<i>Chocolata</i> , do CEIP Plurilingüe Condese de Fenosa, do Barco de Valdeorras (Ourense)
Categoría 4: 5º e 6º de educación primaria	1º Premio	<i>O que ten que aprender un cempés</i> , do CEIP Viñagrande-Deiro, de Vilanova de Arousa (Pontevedra)
	Accésit	<i>A sopa queima</i> , do CEIP Ramón Otero Pedrayo, da Laracha (A Coruña)

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral da Lingua

Valentín García Gómez

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

